



SERVIZO DE DEPORTES



1.- ORGANIZA

Servizo de Deportes da Universidade de Santiago e Fundación USC Deportiva

2.- PARTICIPANTES

Para poder participar é preciso estar en posesión da licencia federativa do ano 2012 (competitiva ou non competitiva).

Poderán participar nas probas os xogadores e xogadoras desde 7 anos ata os 16, estes últimos sempre que cumpran os anos ao longo do 2012.

Máximo de 96 deportistas. Superada esta cifra a selección farase por orden de inscrición.

3. LUGAR; DATA E HORA

Lugar.- Pistas de tenis do Campus Vida da USC

Data.- 16 e 17 de xuño

Os nenos e nenas de 7 a 10 anos xogarán o día 16 de 10 a 14 horas

Para o resto dos participantes informarase do horario en función do número de incritos en cada grupo.

En todo caso enviaráselle un calendario o venres 15 de xuño, no que ademais figurará un nº de teléfono no que poden informarse sobre a competición.

4. OBXECTIVO

O obxectivo do circuito é introducir aos nenos e nenas das Escolas de Tenis na competición. O circuito pretende ser o comezo competitivo para estes deportistas.

5. INFORMACIÓN E INSCRICIÓN

A información.

1. Oficina do Servizo de Deportes, edificio da piscina universitaria, Campus Vida. Teléfonos: 881815073 e 881815071 881815074 e 647344257 (de 9,00 a 14,00 horas).
2. Nas pistas de tenis de 16 a 20 horas

As inscricións

Antes das 14 horas do 14 de xuño de 2012.

A cuota de inscrición será de 5 Euros.

Os usuarios de deportes da USC poderán utilizar as canles habituais de inscrición: <http://www.usc.es/deportes>.

Non usuarios:

Poderán facelo nas Oficinas do Servizo de Deportes de 9 a 14 horas (Piscina Universitaria, Campus Vida). O pago só pode facerse con tarxeta.

Caso contrario deberán utilizar o seguinte procedemento:

1. Imprimir a [Folla de Inscrición](#), cubrila e firmala.
2. 2 Facer o abono de 5 € na conta Nº 2080 0388 273110001949. Na que constará o nome do ordeante, que debe coincidir co que



se inscribe, e como concepto “cuota de inscrición circuito comarcal promoción tenis base”.

Unha vez feito o ingreso deberán enviar fotocopia do resgardo e do impreso ao nº de fax 881815112 ou mediante arquivo adxunto a deporsec@usc.es

6. CATEGORÍAS

A) Xogadores entre 7 e 10 anos.

Cadro 1 con pelota ST e pista completa. 1 Set corto desde 2-2

Cadro 2. Com pelota ST e pista de minitenis. 1 Set corto desde 2-2

B) Xogadores entre 11 e 14 anos

Cadro 1. A tres Set desde 2-2

Cadro 2. A tres Set desde 2-2

c) Xogadores de 15 e 16 anos

Cadro 1. A tres Set desde 2-2

Cadro 2. A tres Set desde 2-2

7. PREMIOS E AGASALLOS

Todos os participantes recibirán un Trofeo da Federación Galega de Tenis.